

Pierre de Fermat

(Beaumont-de-Lomagne, 1601-Castres, 1665)



Xurista e matemático francés.

Foi alcumado por E. T. Bell como o «príncipe dos afeccionados».

Fermat foi, xunto con Descartes, un dos principais matemáticos da primeira metade do século XVII.

Foi cofundador da teoría de probabilidades xunto a Blaise Pascal e, independentemente de Descartes, descubriu o principio fundamental da Xeometría Analítica.

Con todo, é máis coñecido polas súas contribucións á Teoría de Números. Tivo o mérito de proporlle interesantes problemas á comunidade matemática da época. Entre eles cabe destacar o coñecido como «o último teorema de Fermat», que preocupou a comunidade matemática durante aproximadamente 350 anos, ata que foi demostrado en 1995 por Andrew Wiles (axudado por Richard Taylor).